

MATTHIAS KRANEBITTER (Viena, Austria, 1980)

Estudou Composición Electroacústica, con Dieter Kaufmann e Germán Toro-Pérez, Música de Cine, con Klaus-Peter Sattler, e Piano, con Christiane Karajeva, na Universidade de Música de Viena. Realizou un curso de posgrao no Conservatorio de Amsterdam e na Universidade de Graz con Alexander Stankovski e Beat Furrer.

Tenta acadar unha relativización da música con respecto á cuestión da musicalidade, usando, por unha banda, material musical barato —por exemplo, nas súas composicións electrónicas que elabora con simples sons midi (*miditrash trilogy*) e clixés dos xestos musicais e da tonalidade— e, pola outra, creando expresións case diletantes e anti-musicais, a realización dun estilo musical de anarquismo feliz.

Recibiu galardóns como o primeiro premio do Concurso de Composición Gustav Mahler (2006), o segundo premio do Concurso de Orquestra de Jazz de Zúric, o primeiro premio do Project Young Composers Gaudeamus Music Week Amsterdam (2009). En 2011, recibiu o encargo de escribir unha ópera de cámara para o SireneOperntheater de Viena. Foi seleccionado para o ISCM World New Music Days 2012 en Bélxica e tamén é un dos catro compositores nomeados para formar parte da International Impuls Academy, que terá lugar en Graz en 2013 e onde ten o encargo de escribir unha nova peza de ensemble para o Klangforum Wien.

SIMONE MOVIO (Latisana, Italia, 1978)

Fundamentais para a súa experiencia foron e son os encontros con Beat Furrer, con quen estudou na Universität für Musik und darstellende Kunst de Graz (2005-2006) e co que coincidiu noutros contextos en anos posteriores. Asistiu ao IRCAM Coursus 1 en composición e música de ordenador (2010-2011).

Gañou, entre outros, o Wiener Konzerthaus Composition Contest Towards the Next 100 Years - String Quartet (Viena), o International Composition Competition Franz Schubert of Modern Music 2011 (Graz), o IVME International Composition Contest 2011 (Amberes), Bélxica), o Gianni Bergamo Music Award 2007 (Lugano), o Hamburger Klangwerkstage 2007 Composition Contest (Hamburgo). Foi seleccionado para participar no 9e Forum de la Jeune Création Musicale (SIMC, Clamart, Francia) e en IMPULS 2009 (Viena/Graz).

Algunhas das súas pezas foron executadas por artistas como Beat Furrer, Poppe Enno, Suys Diederik, Gorli Sandro, Pschenitschnikova Natalia ou Lane William e por *ensembles*, entre os que figuran, Klangforum Wien, Recherche Ensemble, Centauri próxima, Ensemble Dissonant ou Divertimento Ensemble en eventos e lugares como: IRCAM - Espace de Projection (París), György-Ligeti-Saal - MUMUTH (Graz), IMPULS 2009 (Helmut-List Halle, Graz), New Music Network 2009 - Concert Series (Sydney).

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Rubén Barros *guitarra eléctrica* / Pablo Coello *saxofón* / David Durán, Haruna Ketebe *piano* / Carlos Méndez *contrabaixo* / Diego Ventoso *percusión* / Carlos Álvarez-Ossorio *iluminación* / Ramón Souto *dirección artística*

CGAC

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Ramón del Valle Inclán s/n
15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 623
cgac.actividades@xunta.es
www.cgac.org

XUNTA
DE GALICIA

galicia

vertixe sonora
ensemble

www.vertixesonora.net

foro cultural de austria^{mad}

MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea

Martes, 27 de novembro de 2012, ás 20:30 h

efémero*

Concerto inspirado na exposición
Fernando Casás: o agora xa foi e o denantes será

HÄRD 2012

Esaias Järnegard (Suecia, 1983)

saxofón, guitarra eléctrica e percusión

Denudationen 1-118 2012

Matthias Kranebitter (Austria, 1980)

saxofón, guitarra eléctrica, contrabaixo, piano e percusión

Incanto III 2012

Simone Movio (Italia, 1978)

saxofón, piano e percusión

eARTh 2012

Alexander Khubeev (Rusia, 1986)

saxofón, contrabaixo, piano e percusión

Sombras de inverno 2012

Jacobo Gaspar (España, 1975)

saxofón, contrabaixo, piano e percusión

O son como elemento da natureza ou físico, pero tamén como un espazo da existencia ou como poética do encantamento; a transformación dos elementos musicais como un proceso físico ou a recreación sonora de elementos naturais desde a súa percepción psicolóxica están presentes nas diferentes obras recollidas en *efémero*, programa proposto e comisionado por Vertixe Sonora arredor do traballo do artista Fernando Casás. Desde diferentes perspectivas, cinco novos compositores do ámbito internacional concibiron obras para o concerto *efémero*, relacionado coa exposición do artista galego-brasileiro Fernando Casás, *o agora xa foi e o denantes será*, nunha firme aposta pola creación musical do ciclo *Música e arte. Correspondencias sonoras*.

*Estrea absoluta. Encargo de Vertixe Sonora.

Participación de Matthias Kranebitter financiada polo Foro Cultural de Austria en Madrid

AS OBRAS

Härd (Earth, Hogar/Lareira)

“O son como estancia. Unha existencia, unha extensión no espazo definido por [o(s)] corpo(s). A boca como un reverberante punto de partida e o punto común de existencia. O lugar en que o(s) son(s) se reúne(n)”.

Esaias Järnegard

Denudationen 1-118

“A denudación en xeoloxía é o conxunto de procesos que a longo prazo causan o desgaste da superficie da terra. Nesta composición o meu enfoque foi semellante, denudar unha case uniforme masa musical estática e destapar materiais moi diferentes, rompendo a unidade orixinal nunha forma heteroxénea e grotesca. En canto á cuestión da expresión musical o termo *denudación* refírese a unha excentricidade, e pon a todos en oposición ao seu contorno, liberándoo dun (superficial) contexto lóxico expoñéndose a si mesmo na súa individualidade. Unha peza sobre a contradición da liberdade e da seguridade”.

Matthias Kranebitter

Incanto III

“...And little red elf words	crying <<A song>>,
Little grey elf words	crying for a song,
Little brown leaf words	crying <<A song>>,
Little green leaf Word	crying for a song....”

Ezra Pound, “VANA” (*A lume spento*, 1908)
(fragmento recollido na edición da partitura de Simone Movio)

“...Pull down thy vanity, i fis not man
Made courage, or made order, or made grace,
Pull down thy vanity, I say pull down...”

Ezra Pound, “CANTO LXXXI”
(fragmento recollido na edición da partitura de Simone Movio)

“...A dimensión do encantamento...
...menos inocente do que poidas pensar se contemplara os mecanismos da obsesión...”

Simone Movio

eARTh

A peza é unha implementación peculiar das ideas da *land art*. O autor decidiu empregar o material sonoro máis nativo e o máis próximo á natureza, como unha base para a peza. Pero non hai son puro na natureza. Cada son ten unha morea de rúidos ou harmónicos en si mesmo. Así, o material principal da peza non é un ton separado, senón que é un espectro de son (multifónicos). Todos os instrumentos en conxunto tocan multifónicos (non só o saxofón, tamén o contrabaixo, o piano e a percusión) debido á preparación e ao uso de obxectos adicionais. Pero este material non se elabora polas súas propias leis. Elabórase de acordo coas propiedades e posibilidades dos instrumentos. Semellante interacción dos factores natural e musical subliña a inseparabilidade entre estes dous conceptos. Reflicítese no título da peza. Porén, a mellor epígrafe para a peza é a frase: “A Terra [eARTh] sen arte [ART] queda tan só en eh”.

Alexander Khubeev

Sombras de inverno

“Esta peza nace coa intención de establecer un vínculo coa obra de Fernando Casás, e para iso abórdase un tema común, a natureza.

As estacións, entendidas como ciclos temporais, son un tema de importante atractivo musical. Neste caso, o inverno é tomado como proceso de confrontación dialéctica entre, por unha banda, a quietude ou o estatismo inerte e, pola outra, a violencia e expresión visceral que se percibe en moitos dos fenómenos meteorolóxicos que acontecen nesta época.

Outro elemento que asocio a esta estación é o da sombra, entendida na súa multiplicidade de significados e, en consecuencia, traducida en procesos musicais diversos. Así, a sombra podémola entender como un proceso de erosión temporal, como se fose unha especie de eco desfigurado... Ou, tamén, podémola asociar ao sombrío ou ao difuso.

Deste xeito, na obra sucédense tanto estados inertes baseados en obxectos esvaídos como procesos de descarga violenta nos que as sombras se reproducen a modo de erosións sucesivas”.

Jacobo Gaspar

OS COMPOSITORES

JACOBO GASPAR (Mos, Pontevedra, 1975)

Estudou Composición no Conservatorio Superior de Música de Vigo e realizou estudos de posgrao con José Manuel López López no Conservatorio Superior de Música de Aragón. Tamén é licenciado en Economía pola Universidade de Vigo.

Ampliou a súa formación asistindo a diferentes cursos con compositores como Cristóbal Halffter, Tomás Marco, José M. Sánchez-Verdú, Jesús Rueda ou Alfredo Aracil no marco do Curso Internacional de Composición de Villafranca del Bierzo, onde tivo a oportunidade de estrear a súa música, así como con Georges Aperghis, Sylvano Bussotti, Leonardo Balada ou Eduardo Polonio, entre outros.

Recibiu importantes premios, como o primeiro premio Xavier Montsalvatge no XX Premio Jóvenes Compositores Fundación Autor – CDMC, e o primeiro premio no VI International Jurgenson Competition for Young Composers, Moscova.

Na actualidade é profesor de Análise, Harmonía e Contrapunto no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

ESAIAS JÄRNEGARD (Estocolmo, Suecia, 1983)

Despois de varios estudos, principalmente en Suecia, pero tamén a través de proxectos, cursos e clases máxistras no estranxeiro, Esaias Järnegard concluíu a súa formación na primavera de 2013. Nos últimos anos, a posibilidade de traballar en estreita colaboración cos músicos durante o proceso de composición é o que máis o define desde o punto de vista artístico. Como resultado, escribe principalmente música de cámara cunha visión cada vez máis fenomenolóxica que consiste en tentar de salientar a relación entre corpo e instrumento, non só a fisicidade do son, senón tamén a súa maxia: estar en contacto co son. Unha parte diso foi a emancipación do texto (linguaxe) na súa música, unha loita da que a serie de pezas relacionadas coa poesía de Orde Lars Norén (1978), das cales a peza *Härd*, é boa mostra.

ALEXANDER KHUBEEV (Perm, Rusia, 1986)

Graduouse polo Conservatorio Tchaikovsky de Moscú en 2011 e, como estudante de posgrao, asistiu ás clases de Composición e de Composición Electrónica, impartidas por Yuri Kasparov e Igor Kefalidis, respectivamente. Gañou varios premios en Italia, Rusia e Ucraína, e foi compositor residente da GAM-Ensemble en 2011. É un dos finalistas do Premio Gaudeamus 2013.

As súas obras foron interpretadas en cidades italianas, francesas, alemás, chipriotas, rusas e ucraínas por artistas e *ensembles* como Guido Arbonelli, Aleph, ExNovo, MCM, The Studio for New Music, grupo de percusión de Marcos Pekarsky, ENT, GAM-Ensemble, eNsemble ou o cuarteto de cordas Cantando. Alexander Khubeev é membro da Unión de Compositores Rusos.